I CARREIRA POPULAR CAMPUS TERRA da USC

REGULAMENTO

Artigo 1: **O Servizo de deportes da Universidade de Santiago de Compostela organiza a I Carreira Popular Campus Terra da USC**. A proba organizarase **o próximo domingo día 26 de Novembro ás 11:30 horas**, con saída e chegada no Estadio de atletismo Gregorio Pérez Rivera.

Artigo 2: A proba estará aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 3: **Percorrido, categorías, distancia e horarios:** O circuíto será sobre asfalto e terra e estará pechado a todos os vehículos, agás os autorizados pola organización, o recorrido estará controlado por vehículos da organización.

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
SUB 20	Nados no 1999 e 2000	7400 aprox.	11.30h
SUB 23	Nados no 1996, 97 e 98	7400 aprox.	11.30h
SENIOR	Nados no 1995 ata 34 anos	7400 aprox.	11.30h
MÁSTER A	De 35 anos a 47 anos	7400 aprox.	11.30h
MÁSTER B	De 48 anos en adiante	7400 aprox.	11.30h

Artigo 4: **Condicións de Participación:**

- As inscricións faranse a través da paxina web da federación galega de atletismo: www.carreirasgalegas.com
- As inscricións pecharanse o xoves día 23 ás 23:59 horas.
- Non se admitirán inscricións o dia da proba
- Os participantes comprométense a aceptar o presente regulamento da proba, así como as posibles modificacións que poidan xurdir o día da proba
- A inscrición da proba é persoal e intransferible
- A realización da inscrición implica ter lido, entendido e aceptado o regulamento da proba, incluíndo o punto referente á condición física do participante, que sexa suficiente para a realización da proba.
- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en man da organización.
- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento. Motivo de descualificación son, entre outros, os seguintes aspectos:

➢ Non respectar as indicacións dadas pola organización.
➢ Non realizar todo o circuíto da carreira.
➢ Non levar dorsal ou manipular este.
➢ Falsificar datos persoais.

- Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores

Artigo 5: **Inscrición:**

A **inscrición** farase exclusivamente a través da páxina da Federación Galega de atletismo e terá un custe de **5 € por persoa**. As inscricións pecharanse o xoves día 23 ás 23:59 horas.

Enlace directo: http://www.carreirasgalegas.com/carreira/carreira-campus-terra-da-usc/89865e2d-bae3-ed19-ec92-39e261c61e8f

Da cantidade solicitada en de cada inscrición, será doado 1 € á Fundación galega contra o narcotráfico

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, concello de empadroamento, teléfono móbil, correo electrónico e club. Tamén deberán sinalar se corre como popular ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza.

Artigo 6: **Retirada de Dorsais:**

O sábado día 25 dende as 16:00 ate as 20:00h no Edificio Biblioteca Intercentros do Campus Terra de Lugo.
Os dorsais retiraranse o día da proba na zona habilitada pola organización, dende as 9:30 ata media hora antes da saída da proba.

Artigo 7: **Premios:**

- Todos os participantes recibirán unha camiseta técnica (Tallas segundo a dispoñibilidade), que dene a organizacion pregamos sexa utilizada o día da carreira.
- Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta.
- Haberá un trofeo para os tres primeiros de cada categoría e sexo.
- A entrega de premios será no Estadio Gregorio Pérez Rivera e comezará, aproximadamente ás 12:30h.
- Haberá unha clasificación universitaria Galaica-Duriense; para puntuar serán precisos un mínimo de 2 mulleres e 2 homes que cumpran a condición de universitarios e que finalicen a proba (terán consideración universitaria o alumnado, o PAS e o PDI)

Artigo 8: Servizos para os participantes:

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira.

1. Aparcadoiro gratuíto (ata ocupación das prazas existentes).
2. Servizos na zona de saída-chegada.
3. Recollida de dorsais, imperdíbeis e chips.
4. Vestiarios e duchas no propio Estadio.
5. Avituallamento ao final de cada carreira para todos os participantes.
6. Avituallamento líquido no km 4 da proba.
7. Ambulancia con médico (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda).

Artigo 9: **Seguro:**

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.
Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela

Colaboran: O Concello de Lugo e a Federación Galega de Atletismo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SERVIZO DE DEPORTES

Concello de Lugo

FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO